

Lérez e a Via Romana XIX

Xosé Álvarez Castro

A parroquia de Lérez conta con restos históricos dunha grande importancia, algúns un pouco máis coñecidos, como o mosteiro de San Salvador, e outros ignorados pola maioría da poboación. Un destes descoñecidos é a vía romana que atravesa o seu territorio dende a Santiña ata o límite coa parroquia de Alba.

Este artigo pretende ser unha aproximación de cara a un mellor coñecemento de dita vía.

Os romanos cando conquistaron a *Gallaecia* necesitaban atender a dous obxectivos básicos: o control militar do territorio e a explotación de recursos económicos, principalmente mineiros. Para conseguilo, a rede de comunicacións era unha compoñente imprescindible. Esta rede estaba constituída por tres tipos de vías: as principais ou vías militares, as secundarias ou vías veciñais e as de carácter privado, que daban servizo ás propiedades agrícolas.

Na *Gallaecia* dos primeiros séculos da nosa era existían tres vías principais que comunicaban Braga, Lugo e Astorga, capitais dos tres "conventus" nos que estaba dividida (*Bracarensis*, *Lucensis* e *Asturicensis*).

Unha destas vías, a IV Vía Militar ou Vía XIX do Itinerario de Antonino era a que atravesaba Lérez. O Itinerario de Antonino era unha especie de guía de estradas, de carácter privado, que foi descrita a finais do século III d.C. por Antonino, posiblemente un comerciante da época.

A construción das vías obedecía a uns criterios básicos como eran a predominancia da liña recta, o aproveitamento das facilidades do terreo, etc. En canto á técnica construtiva, só nas grandes cidades se empregaba o complexo procedemento que nos describen os libros de texto: trazado do percorrido e colocación de dúas ringleiras de pedras para limitala; baleirado da zona intermedia e colocación de laxes (*statumen*); engadido dunha capa de grava ou area á que, ás veces,

engadínanlle morteiro (*rudus*) e, por último, o revestimento final, que podía ser de pedras trituradas (*nucleus*) ou enlousado (*stratum*). Os encargados de construílas eran os lexionarios romanos e as xentes dos pobos conquistados supervisados polos *curatores viarum*. O habitual era que se fixese un acondicionamento superficial do terreo con xabre e pedras trituradas prestando maior atención a aqueles tramos en que as dificultades que presentaban (perigo de erosión ou de inundacións) requirían unha construción máis coidada.



Este foi o caso do seu percorrido pola nosa parroquia; a condición inundable dalgúns tramos debido ás mareas vivas ou ás enchentes na xunqueira da Gándara, fixo que se utilizasen grandes laxes que permitiron a súa conservación.

A Lei das Doce Táboas determinaba que as vías militares debían ter unha anchura de oito pés nos treitos rectos e de 16 pés nas curvas, ou sexa entre 2,40 e 4,80 metros, pero podía variar bastante. As distancias medíanse en millas que equivalían a 1480 metros, oscilando en varios metros segundo o lugar e a época. Estas distancias estaban sinalizadas polos miliarios, que eran uns bloques cilíndricos de pedra e que ademais da distancia ao punto de partido e/ou de chegada da vía, tamén indicaban o nome do emperador que as construíra ou repara e os títulos que posuía. Ás veces tiñan un carácter principalmente honorífico.

Na nosa zona atopáronse miliarios na ponte do Burgo, Alba e Cerponzóns, referidos aos emperadores Maximino, Caracalla e Magnencio respectivamente. Outros restos romanos achados nas inmediacións son a ara que se conserva na capela de santo Paio (Campañó) e os dun posible asentamento no Ramallás.

Ao longo das vías contábase cunha serie de mansións que eran unha especie de áreas de servizo que servían para dar aloxamento e comida aos viaxeiros e para relevar e manter os animais que empregaban.



Ata finais da década dos setenta do século pasado, cando se levou a cabo o enterramento do longo tramo que se conservaba entre a Gándara e a fonte do Pariejón, a calzada (ese sempre foi o nome que lle deron os veciños) foi utilizada como camiño medieval e, nos últimos tempos, polos carros que levaban a xunca empregada para o estrume do gando. Do seu relativamente bo estado de conservación dan fe as fotografías que acompañan este artigo.

Na actualidade permanece intacta baixo o asfalto da estrada. A última ameaza contra ela logrou evitarse denunciando o intento de facer pasar ao longo da mesma a rede do saneamento; as autoridades responsables ignoraban ou aparentaban ignorar, a existencia de dita vía e, como en tantos casos, só a sensibilidade dalgúns veciños evitou a destrución. Na zona urbanizada da Gándara e Santiña, a colocación dos canos de servizos e os recrecementos do nivel da rúa, afectaron en diferente grao á calzada existente. Unha actuación desexable, non excesivamente custosa, sería o descubrimento do treito que bordea a xunqueira acompañado dun pequeno desprazamento da actual estrada; poríanse así en valor os restos romanos de maior extensión no concello pontevedrés.

Unha das grandes polémicas relacionadas con esta vía é a do seu nome. Foron moitos os historiadores que propuxeron trazados para as vías que unían Braga con Astorga pasando por Lugo; a identificación que se facía de *Ad Duos Pontes* con Pontevedra e de *Vico Spacorum* con Vigo, mansións que aparecen consecutivas na Vía XX *Per Loca Maritima*, foi outro dos puntos de discusión e moitos propoñían o trazado da Vía XIX máis polo interior.

O achádego do miliario de Hadriano nas escavacións na ponte do Burgo (1989) sumado a un plantexamento racional no estudo das distintas variables, entre elas as distancias e o axeitamento á concepción práctica dos romanos para elixir os trazados máis favorables, neste caso a depresión entre Tui e Padrón, contribúen a considerar como teoría máis consistente a proposta polo arqueólogo Antonio de la Peña. En síntese, De la Peña considera que Pontevedra non era *Duos Pontes* senón unha mansión chamada *Turoqua*. Outros lugares serían *Tude* (Tui), *Burbida* (Vilar de Enfesta) e *Aquis Celenis* (Caldas de Reis). Deste xeito, a vía que atravesa Lérez sería a que no Itinerario de Antonino figura como Vía XIX e a Vía XX ou *Per Loca Maritima* diverxería desta en Caldas dirixíndose cara A Coruña.



A vía que tratamos debeu ser construída na época do emperador Augusto, a principios da nosa era e, como era habitual, debeu reaproveitar o trazado de camiños máis antigos que aproveitaban esta rota natural de comunicación. Sufriu varias reparacións entre os séculos I e IV.